

MODIFICACIÓN BASES CONVOCATORIA CLUBS 2021- DEPUTACIÓN OURENSE

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de marzo de 2021, adoptou o acordo de aprobación da modificación dos apartados 1c) e 1d) da base segunda das que rexen a convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos para o ano 2021, que reza así:

“1º) Modificar os apartados 1 c) e 1 d) da base segunda das que rexen a convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a clubs deportivos para o ano 2021, quedando co seguinte contido:

- En relación ao recollido na base segunda, 1-d, que indica que os clubs deberán posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta e para os clubs que compitan en disciplinas individuais establecer como requisito básico posuír un mínimo de dez licenzas federativas de deportistas de base en competición, dadas as circunstancias excepcionais indicadas anteriormente, este requisito non se valorará como excluín-te, analizándose con detalle se a federación da que dependen, convocou ou non, as correspondentes competicións. Para os efectos de acreditación deste extremo, e de non ser posible achegar as licenzas federativas, os solicitantes deberán acompañar un certificado co número de licenzas da última tempada, expedido pola respectiva federación.

- O mesmo criterio, non excluín-te, utilizarase para o indicado na mesma base segunda, 1-c, cando fala da participación da entidade en competicións oficiais. Para os efectos de acreditación deste extremo, os clubs deberán achegar como acreditación un certificado expedido pola respectiva federación, indicativo da inexistencia de competicións oficiais.

2º) O resto das condicións establecidas nas bases da convocatoria, mantéñense invariables.

3º) Publicar o correspondente acordo no BOP para coñecemento e efectos oportunos”.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Ourense, 1 de marzo de 2021

O presidente,